

# Sombras

Con voz  
madurecida

ARMANDO REQUEIXO

Hai agora trece anos deixei escrito da primeira novela de Xurxo Sierra Veloso que a súa era unha narrativa que profundaba na “complexidade do sinxelo, do ameno profundo (...) un xeito propio e orixinal de contar”, cunha trama “poderosa, pulsional, irresistible”, que se vai “complicando e enriquecendo cos distintos matices psicolóxicos que reflecten a inconfundible idiosincrasia dos personaxes”. Hai trece anos.

Logo viñeron –tras unha longa paréntese de máis de dez anos– *Licor de abelá con xeo* (Finalista do Premio Lueiro Rei 2005) e máis *Os mércores de Fra* (Premio Risco 2006). En ambos xurados tiven

pasar por morto ante todos, mesmo a túa familia, e verte obrigado a vivir unha vida imposta e impostada? Como asumir que se é unha sombra? Que sucede con esa familia que deixas atrás e te cre, erroneamente, morto? Cal é o mecanismo que move os fíos da vontade daquel que, obsesivamente, pretende atopar parte para vingarse matándote? Preguntas e respostas que arremuíñan arredor do protagonista desta historia, unha testemuña protexida obrigada a cambiar

psicolóxica na que se debaten, unha e outra vez, os seus personaxes e a fina captación do humor desenganado co que estes se defenden dos avatares da vida.

Sierra Veloso foxe deliberadamente da figura do heroe clásico. Os seus son decote personaxes grises, anódinos, pasta da vulgaridade da masa que, por un estraño e singular azar, se ven abocados a un destino ou uns sucesos que non agardaban e que os desequilibra, que os desnorta rompendo coa súa rutina, coa súa inercia de días iguais e maquinalmente repetitivos.

Este feito, que é unha constante nas súas catro novelas publicadas, explica o interese do autor por plasmar a complexidade agónica na que viven instalados eses seres, en constante debate interior, superados pola propia vida, ultrapasados nas súas expectativas de cómoda previsibilidade, arrebolados a un caos interior do que deben aprender a salvarse, procurando a súa propia saída do labirinto.

O escudo que os ampara ante tanta ameaza non é senón o escepticismo humorado, ese non acabar de crer o que acontece, dubidando de todo e bromeando sutil-

SIERRA VELOSO  
É QUEN DE  
REVELAR TODA  
A PROFUNDIDADE  
PSICOLÓXICA DOS  
SEUS PERSONAXES

a fortuna de participar e de salientar debidamente os valores notorios da súa escrita.

Por tanto, para min non é unha sorpresa comprobar como a publicación da súa nova novela *Os nomes do traidor* suscita agora o aplauso xeral, pois hai ben tempo que creo nas posibilidades literarias deste caraqueño de nacemento, vigués de corazón e zamorano de adopción.

Como vivir baixo a ameaza constante do asasinato? Como soporitar saber que un sicario pode dar contigo, en calquera momento, e arrebatarche a vida? De que maneira aturar ter que

de raíz a súa existencia, rompendo totalmente co seu pasado e deixando atrás todo o que foi un día, principiando polo nome, a esencia simbólica do que somos, daquilo que os outros senten en nós como propio, do que, por nomealo, é, pois a palabra, as palabras, sempre, dalgunha maneira, crean o ser.

Dous son, a meu ver, os grandes logros da prosa de Sierra Veloso: a fabulosa capacidade para transmitirnos e aínda revelarnos a profundidade

mente ante cada revés experimentado. Un humor, cómpre subliñalo, desengandamente reflexivo, laconicamente irónico, nunca obvio, endexamais de gargallada fácil.

Estou persuadido de que *Os nomes do traidor* agradará a aquelas e aqueles que se propoñan a súa lectura, pois acharán nel a voz madurecida dun escritor que sabe do oficio de contar e da maxia de facelo con voz propia, un narrador no camiño que, con seguranza, seguirá dando moito que ler.

SIERRA VELOSO, Xurxo, *Os nomes do traidor*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 201 páxinas

